



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Plan normativo para 2019

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece as bases sobre as que desenvolver a potestade regulamentaria das Administracións Públicas co obxecto de asegurar o seu exercicio de acordo cos principios de boa regulación, garantir de modo adecuado a audiencia e participación dos cidadáns na elaboración das normas e lograr a previsibilidade e avaliación pública do ordenamento, como corolario imprescindible do dereito constitucional á seguridade xurídica.

Concretamente, no seu art. 132 establece que anualmente as Administracións Públicas farán público un Plan Normativo que conterá as iniciativas regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte e que, unha vez de aprobado, publicárase no Portal da Transparencia da Administración Pública correspondente.

Neste contexto, o Pleno do Concello, na súa sesión de 20 de decembro de 2018 instou ao Alcalde a elaborar o plan normativo do Concello para 2019 e acordou que se incluíse no mesmo o Regulamento Orgánico Municipal e a Ordenanza Municipal prevista no artigo 72 da Lei de Comercio Interior de Galicia.

Tamén se resalta a necesidade de aprobar unha ordenanza de normalización lingüística, que, por outra, parte está ligada ao desfrute dunha subvención obtida polo Concello.

Por outra parte, o Decreto da Xunta de Galicia 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia que entrou en vigor o 21 de outubro de 2018, determina, na súa Disposición Final 2ª, que os Concellos deben adaptar as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ao previsto nel, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Finalmente, mediante Orde do 26 de novembro de 2018 (DOG 14-12-2018) apróbase a proposta de Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia, que pode facilitar a posta ao día do Concello nesta materia, dado o tempo transcorrido desde que foi aprobada a Ordenanza municipal vixente.

Sen prexuízo do sinalado tamén é previsible que se modifiquen diversas ordenanzas fiscais en coherencia co marco orzamentario de referencia, así como que se aborde a modificación ou aprobación de instrumentos de planeamento urbanístico ao amparo da normativa sectorial específica, iniciativas que, polas súas peculiaridades, non se inclúen na presente planificación.

Tendo en conta que o Plan anual é un instrumento sen carácter normativo polo que a competencia para a súa aprobación pode corresponder á Alcaldía en virtude da competencia prevista no artigo 21.1. s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

Aprobar o Plan Anual Normativo do Concello de Nigrán para o ano 2019, que





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

inclúe as iniciativas que a seguir se relacionan e publicalo no Portal de Transparencia, na sede electrónica do Concello:

- Regulamento Orgánico Municipal.
- Ordenanza municipal prevista no art. 72 da Lei de comercio interior de Galicia.
- Modificación da Ordenanza reguladora do servizo de taxi.
- Ordenanza de normalización lingüística.
- Ordenanza de protección contra a contaminación acústica.

O ALCALDE

